





Null' ome per ren non deve




Cântigas de Santa Maria, n. 361




Ripresa




Stanza







de Bur - gos, e _____ mui ben _____ sei




que foi e é gran ver - da - de,



ca por a - ssí _____ o _____ a - chei



pro - va - d'e po - ren - de qué - ro



del un bon can - tar _____ fa - zer.

Ripresa

Null' óme per ren non deve
a dultar nen a tēer
que non póde na omagen
da Virgen vertud' aver.

Stanze

1 E dest' un mui gran miragre, / méus amigos, vos direi
que avêo na cidade / de Burgos, e mui ben sei
que foi e é gran verdade, / ca por assí o achei
provad'; e porende quéro / del un bon cantar fazer.

2 A loor da Virgen santa, / a Sennor de mui gran prez,
que fezo no mōesteiro / das Ólgas, que el Rei fez
Don Afonso de Castéla, / aquel que primeira vez
venceu o sennor dos mouros / pola fê de Déus crecer.

3 En aquele mōesteiro, / segundo aprendí éu,
Don Afonso, séu bisnéto, / ùa omagen i déu
da Virgen Santa María, / ca aquel Rei todo séu
éra dela, e porende / a mandou alí pôer.

4 En esta tan gran vertude / meteu Déus, com' aprendí,
que as monjas que moravan / en aquel logar, assí
tiñnan por gran dereito / de pedir-lle, que lógu' i
lles comprisse sas demandas, / e non lle davan lezer.

5 De pedir-las; e tan tóste / a Reínnna espirital
fazía por sa omagen / come se fosse carnal,
ca lles dava séu conórte / e guardava-as de mal
e fazia-lles saúdes / de sas doores aver.

6 Demais éra tan ben feita / e de tan ômil faiçôn,
que quen quér que a viã / en ela gran devoçôn
avía. Porend' as monjas / todas mui de coraçôn
a onrravan e servían / a todo o séu poder.

7 Ond' avêo ena noite / de Navidad', en que faz
Santa Igreja gran fêsta, / que as monjas por solaz
fezéron mui rico leito, / e come mollér que jaz
deitaron i a omagen / e fezéron-na jazer.

8 Come mollér que parira. / E as monjas arredor
do leito pousaron todas, / e seend' a gran sabor
catand' aquela omagen, / viron-lle mudar coor
na face e dũu lado / ao outro revolver.

9 Entôn todo o convento / se fillou muit' a chorar,
porque tan gran maravilla / lles quiséna Déus mostrar
pola sa bēeita Madre, / en que el quis encarnar
e en tal noite com' esta / por nós sen door nacer.

10 E entôn toda-las monjas / s' ergeron cantando ben:
“Santa Virgen sen mazéla, / que per bondad' e per sen
feziste que Déus o Padre, / que o mundo en si ten
e en que os céos caben, / que podéss' en ti caber.”